

# Vidas Mariñeiras 2018

## Programa e calendario de traballo

Horas estimadas da formación: **50 horas**

Número de sesións por grupo: **entre 12 e 18**, dependendo da dispoñibilidade de cada grupo

Duración estimada da formación: **8 de outubro - 30 de novembro**

Cada grupo deberá asistir a todas as sesións de seguimento e realizar semanalmente as tarefas indicadas polo formador, de maneira que poida desenvolver e rematar o seu proxecto no tempo estipulado.

### SEMANA #1. PRESENTACIÓN E FORMACIÓN TEÓRICA.

Entre o 8 e o 11 de outubro.

#### SESIÓNS

1, cunha duración estimada de 2 horas.

#### CONTIDOS

- Presentación do programa e dos docentes.
- Metodoloxía de traballo.
- Visualización de fragmentos de filmes e reflexión sobre as súas solucións formais, de maneira que cada grupo teña un amplo repertorio previo de referentes técnicos e temáticos para afrontar e resolver cada proxecto.

### SEMANA #2. ANÁLISE DE PROXECTOS. ESCALETA. PLAN DE RODAXE.

Entre o 15 e o 19 de outubro.

#### SESIÓNS

2, cunha duración estimada de 3 horas cada unha.

#### CONTIDOS

- Análise do proxecto presentado polo grupo. Conceptualización, tratamento formal, viabilidade, detección de necesidades e calendario.
- Bosquexo dunha estrutura formal e unha escaleta de produción, supervisada e corrixida polo formador até acadar un esquema de traballo viable e que responda ás intencións dos seus autores/as.
- Plan de rodaxe.

[vidasmarineiras.gal/a-marina-ortegal](http://vidasmarineiras.gal/a-marina-ortegal)

[amarinaortegal@vidasmarineiras.gal](mailto:amarinaortegal@vidasmarineiras.gal)

José Basilio Otero Rodríguez (GALP) 982 563 355

Pablo Cayuela Miguel (coordinación) 881 956 418

Jesús de la Fuente (coordinación) 981 589 269

1 / 2

### SEMANA #3. ESTRUCTURA. PLAN DE RODAXE. RODAXE.

Entre o 22 e o 28 de outubro.

#### SESIÓNS

2, cunha duración estimada de 3 horas para a teórica e todo o día para a práctica (rodaxe), que poderá realizarse en fin de semana e sempre en función das necesidades do proxecto.

#### CONTIDOS

- Escaleta de produción.
- Estructura e plan de rodaxe.
- 1ª xornada de rodaxe. Gravación dos planos e secuencias necesarias para a realización de cada filme. Esta fase de gravación estará directamente supervisada polo formador e o alumnado poderá contar, se así o desexa, cunha cámara e micrófonos profesionais.

### SEMANA #4. RODAXE.

Entre o 29 de outubro e o 2 de novembro.

#### SESIÓNS

Definiranse polas necesidades do proxecto. Poderá dedicarse a semana a gravar máis secuencias ou ben a cuestións de produción para preparar a seguinte xornada de rodaxe.

#### CONTIDOS

- Resolución de necesidades de produción.
- 2ª xornada de rodaxe.

### SEMANA #5. RODAXE. MONTAXE.

Entre o 29 de outubro e o 2 de novembro.

#### SESIÓNS

Definiranse polas necesidades do proxecto. Se é necesario o grupo tomará máis planos necesarios para a súa produción, ou ben dedicará 1 sesión de 4 horas a facer un bosquejo de montaxe co material rexistrado até o momento.

#### CONTIDOS

- Resolución de necesidades de produción.
- 3ª xornada de rodaxe.
- Formación en edición de vídeo e audio e primeiras decisións de montaxe. O formador achegará o equipo técnico necesario para o desenvolvemento desta fase.

### SEMANAS #5, #6 e #7. MONTAXE.

Entre o 5 e o 23 de novembro.

#### SESIÓNS

5, cunha duración estimada de 4 horas cada unha.

#### CONTIDOS

- Formación práctica en editores de vídeo e audio de acceso libre.
- Edición do primeiro corte. Cada grupo traballará durante unha semana nunha primeira montaxe que será posteriormente revisada e debatida en conxunto para solventar e mellorar a estrutura do filme.
- Presentación da edición definitiva.

### SEMANA #8. CORTE FINAL E POSPRODUCCIÓN.

Entre o 26 e o 30 de novembro.

#### SESIÓNS

1, cunha duración estimada de 4 horas.

#### CONTIDOS

- Últimos axustes de montaxe.
- Preparación de créditos.
- Posprodución básica. O formador realizará un traballo máis especializado de corrección de cor e son de cada proxecto, co dobre obxectivo de preparar os filmes para a súa exhibición e ao mesmo tempo introducir ao alumnado nalgunhas das ferramentas profesionais de edición e posprodución de vídeo máis comúns.

### SEMANAS #9 e #10 POSPRODUCCIÓN E MASTERIZACIÓN.

Entre o 3 e o 14 de decembro.

#### CONTIDOS

- Envío dos masters de montaxe ao laboratorio do que fai parte a equipa docente para a produción de copias de exhibición profesionais.

### EXHIBICIÓN DOS FILMES Entre o 15 e o 31 de decembro